



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN  
DATA 18 DE ABRIL DE 2018.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García.

**CONCELLEIROS:**

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. María Soledad Rey Yáñez, D<sup>a</sup>. María del Carmen Franco Díaz, D. Antonio José Bouza Rodil, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Vale López, D<sup>a</sup>. María Cristina Goás Fernández, D. Celestino García Paz, D. Manuel Galdo Dopico, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Óscar Lara Gil e D. Luis Manuel García Otero.

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Excusan a súa asistencia os seguintes concelleiros:

D. Emilio Villarrea Méndez, D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Jaime Eduardo de Olano Vela.

INTERVENTOR (por delegación de firma)

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as dez horas do día 18 de abril de dous mil dezaoto, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1<sup>a</sup> PARTE:  
PARTE RESOLUTIVA**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA  
04/04/2018.**

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que na páxina 37, na liña catorce empezando polo final da páxina, onde se recolle a



intervención do concelleiro de Son Viveiro, cando se di que se referiu ao concelleiro de facenda era ao tenente de Alcalde.

Non existindo máis observacións procédese, por unanimidade, á aprobación da acta da sesión de 04/04/2018.

## **2ª PARTE**

### **PARTE DECLARATIVA**

#### **1.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS TRES CONCELLEIROS NON ADSCRITOS PARA O REXEITAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE SOBRE A RÍA DE VIVEIRO PROPOSTA POLO GOBERNO GALEGO**

Vista a moción presentada polos tres concelleiros non adscritos, D Bernardo Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico e D. Oscar Lara Gil, para o rexeitamento da construción dunha ponte sobre a Ría de Viveiro, que literalmente di:

#### **“MOCIÓN PARA A REXEITAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE SOBRE A RÍA DE VIVEIRO PROPOSTA POLO GOBERNO GALEGO.**

*Viveiro foi a cidade de maior entidade de poboación, afectada pola decisión do goberno da Xunta de Galicia, presidido por Manuel Fraga, de desviar o trazado da Autovía do Cantábrico A-8 de Ribadeo a Vilalba. Esta decisión, supuxo un illamento histórico da nosa Cidade con respecto a outras do noso contorno en canto a infraestruturas modernas e de calidade.*

*Esta condena histórica supuxo illar non só Viveiro e o resto de poboacións da Mariña, senón toda a comarca do Ortegal, que ficamos con infraestruturas precarias tanto por estrada como por ferrocarril.*

*Levamos 17 anos de promesas, enganos e prazos de execución falsos sobre a construción da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte. Varios trazados diferentes foron propostos e numerosos estudos os realizados segundo o goberno galego, que finalmente nos fixeron chegar a día de hoxe, sen avance nin concreción ningunha sobre o seu trazado definitivo. Cuestión que demostra con toda claridade, que para o Goberno da Xunta de Galicia, esa vía non é prioritaria en absoluto.*

*O único trazado consensuado coa Corporación Municipal durante o goberno bipartito da Xunta (2005-2009), non chegou a ser licitado, decisión que supuxo un atraso aínda maior na execución da vía.*

*Agora, no ano 2018, alguén no goberno da Xunta de Galicia, tivo a “brillante idea” de debuxar unha liña vermella en Google Maps para propoñer un trazado alternativo, en forma de Ponte, atravesando a ría de Viveiro e co “obxectivo” de desbloquear a situación. Este novo trazado non conta con ningún tipo de consenso, nin coa Corporación Municipal, nin coa Corporación Municipal, con Goberno Local, nin coas veciñas e veciños de Viveiro.*

*Dende o noso grupo de concelleiros, consideramos que esta proposta, que tampouco incorpora ningún dato económico, nin datos de previsible circulación de vehículos e non concreta tampouco prazos de execución, supón un novo golpe e erro histórico para Viveiro, Tería un desastroso impacto medioambiental e visual nunha das rías máis fermosas de Galicia, que pecharía definitivamente a nosa cidade ao Mar.*

*As veciñas e veciños de Viveiro, queremos ter infraestruturas de calidade, a altura de calquera das poboacións galegas da nosa entidade. Queremos unha variante que reduza o impacto do tráfico pesado polo centro e que supoña facilitar a conexión coas autovías principais, A-8, A-6 e tamén como non, co Ortegal e Ferrolterra.*

*Por todo isto, manifestamos o noso rexeitamento á proposta da Xunta de Galicia de construír unha ponte sobre a nosa ría, e garantimos a nosa disposición de consensuar cos demais grupos desta Corporación*



*Municipal e co Goberno Galego, unha proposta de variante como Viveiro merece.*

*É por isto que propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO.*

- 1. Rexeitar a proposta de construción dunha Ponte sobre a ría de Viveiro.*
- 2. Instar á Consellería de Infraestructuras a retirar a licitación publicada no DOG para a redacción do estudo informativo e de avaliación de impacto ambiental - da nova Ponte sobre Ría de Viveiro.*
- 3. Convocatoria por parte da Alcaldía, dunha reunión da Comisión de Urbanismo, a fin de consensuar novamente unha proposta entre os grupos da Corporación.*
- 4. Solicitar á Consellería de Infraestructuras unha reunión cos diferentes grupos da Corporación Municipal, co obxectivo de consensuar unha proposta definitiva e unánime para a Variante de Viveiro."*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar comezo ao debate, dándolle a palabra aos concelleiros non adscritos presentantes da moción.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que agradece que se convocase este pleno, tendo en conta que os tres concelleiros non adscritos non teñen a representación suficiente para poder esixir a convocatoria dun pleno. Agradece que este debate se faga na sede onde se representa aos veciños e non en sede privada, como sucedeu no día de onte cando pola consellería da Xunta de Galicia plantexaron este asunto antes nunha sede dunha empresa privada que aos concelleiros do municipio. Sinala que os 17 concelleiros da Corporación municipal de Viveiro están convocados a este pleno para un debate que marcará un antes e un despois para o futuro do Concello, xa que non se trata de un asunto máis que se poda deixar pasar para ver se soluciona só. Engade que esta decisión transcende a representación política de cada concelleiro, xa que cada un ten unha participación efímera no tempo, uns estarán máis ou menos tempo na Corporación, uns gobernarán e outros non, pero esta decisión transcenderá e suporá deixar un legado para as futuras xeracións que habiten neste entorno natural privilexiado chamado Ría de Viveiro. Di que lles pide a todos os concelleiros que a decisión que tomen hoxe o fagan pensando soamente no futuro de Viveiro e da súa Ría, deixando de lado os cálculos electorais e as ambigüidades. Manifesta que Viveiro chega tarde, como noutras moitas ocasións, facendo referencia a que chegou tarde á Autovía do Cantábrico, gañando a partida Fraga co parabén dos alcaldes da Costa; tamén ao polígono industrial, grazas ao bipartito da Xunta de Galicia, e cando xa Xove tiña o seu a pleno rendemento; ás conexións por ferrocarril e ao corredor costeiro, co que por mor de moitas promesas incumpridas se botará máis tempo aínda fóra de xogo. Sinala que antes de proceder a ler a moción presentada lle gustaría facer un breve repaso á hemeroteca dos medios e do DOG para poder ver o transcurso de 17 anos de promesas incumpridas e mentiras reiteradas, inacción e atraso, expoñendo os seguintes datos:

- Ano 1997: Fraga desvía a Autovía do Cantábrico a Vilalba.
- Ano 2001: Na Voz de Galicia Cuíña anuncia a VAC Costa Norte, dividido en 11 fases, anunciando o seu remate para o 2007. Dez anos despois só estaba realizada a variante de Ortigueira, inaugurada no 2010 e no 2017 inaugurouse o tramo de Celeiro a San Cibrao, é dicir, que en 17 anos só se construíron 16 km dun total de 82.
- 25 de abril de 2003: Anúnciase na Voz de Galicia que a variante de Viveiro será o primeiro tramo da vía rápida Ferrol-Barreiros, cun custo anunciado de 42 millóns de euros, indicándose na noticia que este era o tramo de máis tráfico entre ambos puntos, referido ao proxecto de César Aja que subía pola Avda. de Cervantes.
- 7 de agosto de 2003: Anuncio de que a Xunta ofrece catro trazados para a variante Oeste, de Covas a Landrove. Indicábase que polo departamento que dirixía Alberto Núñez Feijoo non se



recollía a variante de Covas-Viveiro Sur, senón que se prevía a conexión do corredor cantábrico dende Covas a Pé de Boi, a través do casco urbano.

- 9 de maio de 2006: Publicación no DOG respecto á modificación da declaración de impacto ambiental para incluír os subtramos Covas-Viveiro Sur e Viveiro Sur-Celeiro.

-18 de xullo de 2006: Resolución do DOG, de aprobación do expediente de información pública e definitivamente o estudo informativo e de impacto ambiental da VAC na época do bipartito.

-Ano 2009: O goberno bipartito anuncia que o proxecto da variante está concluído e listo pendente de licitación.

-6 de decembro de 2009: A Xunta anuncia na Voz de Galicia que mantén o trazado da variante de Viveiro.

-25 de agosto de 2010: O P.P. de Viveiro en nota de prensa di que o máis constructivo é promover un debate sereno e riguroso da variante e os seus accesos escoitando e tendo en conta aos técnicos e priorizando os intereses de todos. Indica que a moción presentada neste momento, salvo un punto, vai nese mesmo sentido, falar entre todos e chegar a un acordo unánime.

-1 de setembro de 2010: Feijoo anuncia que espera que o 45% da VAC esteña no 2011 en expropiación e execución.

-outubro de 2010: Feijoo presenta o plan move 2009-2015, con data de remate no 2017 de todos os trazados da variante.

-14 de xuño 2012: Publícase no DOG a declaración de impacto ambiental da VAC O Barqueiro-San Cibrao, tramo enlace centro de Viveiro, modificación do trazado realizada polo goberno galego, que foi a que logo supuxo as protestas veciñais de Magazos.

-8 de marzo de 2018: Publícase no DOG o estudo informativo e de impacto ambiental da nova ponte da ría de Viveiro e a conexión da VAC Costa Norte coa LU540.

Engade que van 17 anos de promesas incumpridas e mentiras, aínda que entende que agora hai que mirar cara o futuro, onde xa non sería só unha ponte, como era inicialmente, senón dúas, unha a ponte por enriba da ría e outra ponte por enriba Piago, posto que a proposta de enlace coa Gañidoira vai a Magazos, o cal parece non ter moito sentido.

Procede de seguido á lectura da moción.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil para dicir que cando veu a moción se preguntaba a que ían ir ao pleno, se a dicirille non aos veciños de Viveiro, se a negar a posibilidade de analizar unha proposta ou ver se o Sr. Fraga quería protagonismo ou ver se era capaz de recuperar o apoio dos votantes do BNG aos que traizoo. Di que o Pleno está para tomar decisións pero cando haxa algo sobre o que decidir, entendendo que debe esperarse a coñecer o proxecto, saber se capta tráfico, se afecta á actividade portuaria, se os piares da ponte poden ser incluso beneficiosos para a praia de Covas, etc. Considera que hai que esperar ao que digan os técnicos, carecendo neste momento de elementos para decidir. Di que o grupo do P.P. neste momento non pode tomar decisións porque carece dos elementos fundamentais para facelo, ten claras varias cuestións, que Viveiro necesita unha VAC, a mellor posible e que xa se faga de unha vez por todas, porque están fartos de promesas incumpridas de todos os gobernos e considera que Viveiro foi sempre a gran esquecida. Engade que non vai defender a ningún goberno e que o que quere é que se execute xa. Sinala que a ponte é unha opción que nunca antes se estudara, e indica que antes xente de Celeiro ten falado desta opción e non a vían como mala, incluso un mariñeiro opina que é unha pena que non se tivese feito antes, aínda que hai opinións en tódolos sentidos. Apunta que se levan tido 5 propostas que non tiveron o beneplácito, e non vai entrar en culpas, considera que cando haxa datos completos por parte dos técnicos será cando se poda opinar e valorar. Entenden a desconfianza dos veciños, xa que se leva 17 anos agardando e chega o momento de aparcar partidismos e traballar todos xuntos para unha VAC que dote dunhas infraestruturas do século XXI e dea respostas ás necesidades do pobo de Viveiro, pero iso pasa por agardar a ter todos os datos, xa que mentres serán opinións subxectivas.



Intervén D. Luis Manuel García Otero , concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que considera innecesario convocar un pleno extraordinario para este asunto, xa que podía incluírse no pleno ordinario seguinte ou no anterior, ao igual que tamén se incluíron os orzamentos. En base a isto suxiren que renuncien aos honorarios os propoñentes da convocatoria e o equipo de goberno por convocar este pleno. Fai referencia a que na moción se di que agora no 2018 alguén da Xunta de Galicia tivo a brillante idea de debuxar unha liña no google maps e diríxese ao concelleiro de facenda para dicirlle que teña coidado que alguén lle quere mover a cadeira colocándoo na Xunta, posto que no pleno anterior lle recorda que dixo que a fora el quen a pintara no mapa porque na Xunta non tiñan nin idea de onde situala. Manifesta que coincide co exposto na moción. Respecto ao punto 1 di que coincide e engade que cando se construíu a Autovía do Cantábrico podía levar a que algúns puidesen querer a ponte, pero agora co trazado desa autovía xa non ten sentido. Naquel momento favoreceuse a ruta do carbón Ferrol-As Pontes. Sinala que os primeiros estudos das rías do cantábrico son de Isidoro Aseixo Amor, xeólogo e catedrático complutense, por un traballo de 1982, estudos nos que citaba á Ría de Viveiro, calificándoa como un espazo sensible polas súas dimensións reducidas. Germán Flores, catedrático na facultade de Xeoloxía de Oviedo, que tamén ten un estudo ao respecto; e todos eles coinciden en que todas as rías do norte teñen tendencia espontánea e natural á connotación, que foi lenta durante moitos séculos, pero que se veu acelerada no século XX por mor das sucesivas obras (estradas, pontes, recheos, que alteran o fráxil equilibrio do ecosistema); os efectos destas sucesivas obras son moitas veces imprevisibles e poden tardar varios anos en manifestarse, como pasou co espigón de Celeiro; hai que ter en conta os fluxos e refluxos das mareas, e que o principal factor de limpeza dos elementos arrastrados polas mareas foi freado polas obras, e o freo desas forzas de limpeza provoca e facilita a sedimentación. Pon como exemplo a Ponte dos Santos de Ribadeo, sobre a que dixeron que nunca se modificaría o proxecto inicial, e modificouse coa chegada da autovía, crecendo por mor desta modificación nos últimos dez anos os baixos areosos un 22% prexudicando ás empresas que están da ponte para dentro, provocando problemas pola falta de calado. Di que isto ocorre nunha ponte de 34 metros de altura, polo que habería que preguntarse que pasaría coa que se pretende facer da que non se sabe aínda o que mide. Manifesta que tamén está de acordo cos puntos dous e tres da proposta da moción, engadindo que a mellor proposta é a defendida no seu momento polo concelleiro de esquerda unida D. Orlando Expósito, quedando supeditada ao acordo da celebración dunha consulta popular. Entende que un exemplo a seguir para Viveiro é o da prolongación da A6 en Arteixo, que supuxo un crecemento desta zona, que non se tería acadado se fixeran unha ponte dende Santa Cristina a Riazor. Tamén di estar de acordo co punto 4 da moción e propón engadir un 5º punto, que se dea cumprimento ao acordo unánime do pleno do 7 de outubro de 2015, a proposta de Son Viveiro, coa creación dunha comisión de traballo temporal para elaborar un regulamento de participación veciñal, que contemple a consulta popular non casos de especial relevancia para os intereses dos veciños, como é este.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que considera que se debe explicar porque se chega á ponte, facendo un repaso por todo o proceso e indica que en 2006, a Xunta de Galicia, cun goberno bipartito, aprobou o trazado da VAC ao seu paso por Viveiro. Este trazado fora consensuado e contaba coa aceptación do goberno local, a aprobación do pleno e dos veciños de Viveiro e era froito dun intenso e exhaustivo traballo. De xeito inesperado e sen ningún tipo de comunicación previa, o 5 de agosto de 2010 chegou ao Concello, para a súa exposición pública, un novo proxecto (documento complementario para información pública da Vía de Alta Capacidade O Barqueiro-San Cibrao, treito: enlace centro de Viveiro LU/00/063.01.3.0), que recollía un novo trazado, contrario ao consensuado e no que se contemplaba a existencia dun enlace con Viveiro en Magazos que non existía no anterior trazado. Indica que a partir deste momento, tanto os veciños da parroquia de Magazos, que eran os máximos afectados por este trazado, como o goberno local iniciaron unha serie de trámites co fin de reclamar que se respectase o trazado aprobado polo goberno bipartito da Xunta de Galicia e xa consensuado, considerando que o novo trazado incumpría cos criterios establecidos no anterior. Sinala que nas numerosas accións contra este novo trazado o goberno local sempre deixou claras cales



son as razóns polas que se opón a este novo proxecto imposto e sen consenso. Entre as razóns presentadas xa se facía constar que o trazado se variara sen que a Xunta pedira ao Concello o informe necesario, polo que se creía que era nulo de pleno dereito; que non se compararon as vantaxes nin inconvenientes entre o seu trazado e o aprobado anteriormente, en 2006, co consenso de todos e sen ningún tipo de alegación; que este novo trazado suporía cortar as comunicacións interiores de Magazos; que afectaba a máis inmobles que o anterior; que aumentaba o seu prexuízo medio ambiental e que non achegaba ningunha vantaxe dende o punto de vista do tráfico, entre outras. Di que sempre se deixou claro porque non se estaba de acordo co trazado proposto pola Xunta de Galicia en 2010. Engade que nesta mesma liña, en febreiro de 2014, igual que os veciños de Magazos, o Concello interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a aprobación do trazado da VAC, treito centro de Viveiro na parroquia de Magazos. Este recurso foi desestimado en marzo de 2016 e o goberno local interpuxo o recurso de casación correspondente. En xaneiro de 2017, a Xunta de Galicia presentou escrito de oposición contra o recurso de casación interposto polo Concello. O último trámite neste procedemento é unha providencia de data 5 de marzo de 2018 na que se designa un novo maxistrado ponente e na que se sinala para votación e fallo o día 16 de maio de 2018, co que aínda se está esperando á decisión xudicial. Manifesta que esta relación de feitos serve para demostrar que o único responsable da inexistencia da variante é a Xunta de Galicia, quen, de xeito unilateral e desatendendo o consenso existente, en 2010, impuxo un trazado que supoñía un empeoramento das condicións para o Concello de Viveiro. Ante esa circunstancia, os gobernos locais, tanto o do Melchor Roel coma o actual, exerceron a súa obriga de defender os intereses dos veciños levando a cabo as accións necesarias para reclamar que se mantivera o trazado aprobado inicialmente, o único sobre o que existía o consenso de todas as partes implicadas. Apunta que o seu goberno ten manifestado en múltiples ocasións que a existencia dunha vía de alta capacidade vertebradora que conecte Viveiro co resto de Galicia e do estado español é fundamental para garantir o futuro deste municipio, sobre todo nuns tempos caracterizados por unha profunda crise económica nos que a competitividade entre as empresas é cada vez maior, uns tempos nos que o Concello de Viveiro, como cabeceira da comarca da Mariña e terceira poboación máis grande da provincia de Lugo, non pode permitirse a inexistencia de vías de capacidade alta. Resalta que o goberno local é o máximo interesado de dotar ao municipio dunha vía de alta capacidade, pero por responsabilidade, por consenso e por atender ás demandas veciñais, considerou que debía seguir defendendo os intereses do pobo e o único que sempre se lle pediu á Xunta de Galicia, tanto por parte da maioría dos membros da corporación como por parte dos veciños de Viveiro é que se respecte o trazado inicial. Di que este é o argumentario que o Concello defendeu ao longo destes anos e é, tamén, un dos motivos polos que ningún membro do seu equipo de goberno acudiu cando Feijoo veu inaugurar a VAC Celeiro-San Cibrao, que tivo lugar o 10 de xaneiro de 2017. Tal e como se indicou naquel momento, non asistiron como mostra do descontento, considerando que non se estaba a tratar ben a Viveiro e pola Xunta non se recibía ao goberno local. Engade que dicían naquel momento que a Xunta tiña esquecido a este Concello, que unicamente se beneficiaba das liñas de axuda que de xeito xenérico se conceden a todos os municipios, sen atender outras cuestións fundamentais para o futuro de Viveiro, como o PXOM (que daquela estaba paralizado por Patrimonio e agora, por Augas de Galicia), o saneamento da ría de Viveiro e outra serie de cousas. Di que xa daquela se aclaraba que este Concello valoraba positivamente toda infraestrutura que supuxese un beneficio para a comarca, engadindo, sen embargo, que non debían asistir á posta en servizo tendo en conta que ese tramo forma parte dun proxecto máis amplo, a Vía de Altas Prestacións de Ferrol a San Cibrao; unha obra de vital importancia que garantiría a conexión do Concello de Viveiro, o terceiro por poboación da provincia de Lugo, que nin pode permitir a imposición dun trazado non consensuado nin pode permanecer nesa situación. Indicábase, así mesmo, que este Concello sempre estará disposto para sentarse e falar deste ou de calquera outro asunto que afecte aos seus veciños e veciñas. Engade que hai quen dixo que se faltaba ao respecto ao presidente da Xunta de Galicia por non acudir, pero entende que surtiu efecto, xa que ese mesmo día Feijoo dixo que ía haber un novo trazado e desde a Consellería tamén chamaron para unha reunión sobre este asunto. Sinala que tras o compromiso do presidente da Xunta foron a Santiago, ela e o arquitecto de



urbanismo e varios técnicos da Xunta defendíann o trazado de 2010 e o arquitecto debateulles punto por punto ese trazado; ese mesmo día dixeron que tiñan orde expresa de Feijoo de buscar un trazado de consenso. Esa reunión foi en xaneiro de 2017 e en setembro de 2017 como non tiveran máis noticias, soamente pola prensa e polo voceiro do P.P., pediu que se recibida na Xunta e foi o 23 de febreiro de 2018 cando a conselleira de infraestruturas a citou para ir a Lugo, reunión á que foi acompañada polo concelleiro do mar. Di que alí, sen documentación dixeron que tiñan un novo trazado e que consideraban que era a solución e foi cando dixeron que esa solución era a ponte. Nese momento foi cando o concelleiro do mar colleu o google maps e intuía por onde podería ir; indica que nese momento non se posicionou ao non ter datos nin documentación, e dous días despois chamaron dende a Xunta para acudir a Ferrol, reunión á que estaban chamados todos os alcaldes das zonas afectadas pola VAC, e alí deron só uns datos, nada, que é o único que se ten neste momento. Sinala que nesta relación de feitos cómpre facer referencia á publicación no Diario Oficial de Galicia, o 8 de marzo de 2018, da resolución pola que se anuncia a licitación, entre outros, para a redacción do estudo informativo e estudo de impacto ambiental da nova ponte sobre a ría de Viveiro e conexión da VAC Costa Norte coa LU-540. Trátase, neste caso, dun anuncio que tampouco achega ningún tipo de información, pois a súa única razón é formalizar unha contrato administrativo. Engade que considera que é importante citar a noticia aparecida no xornal La Voz de Galicia do 16 de marzo de 2018, no que se fai referencia á existencia dun estudio previo de alternativas para a variante de Viveiro, indicando que segundo a documentación á que tiveron acceso en xuño de 2017 a Consellería de Infraestruturas xa contaba co estudo previo do viaducto e de dúas opcións para a conexión coa LU-540. Faise referencia a uns estudos dos que este Concello nin tivo coñecemento nin posúe, sendo citado aínda en febreiro de 2018. Expón que por todo canto antecede é evidente que o Concello non conta coa documentación necesaria para poder valorar esta nova proposta. Considera que, unha vez máis, se empezou a casa polo tellado; acaba de licitarse un estudo ambiental para unha infraestruturas que non está consensuada, que non se sabe como vai ser, que se plantexa de xeito completamente illado e sen coñecer os seus enlaces co resto da variante. Engade que hoxe están debatendo só sobre unha ponte que non resolve a variante de Viveiro; pode resolver hipoteticamente o eixe este-oeste, pero quedaría pendente o eixe norte-sur, a comunicación coa capital de provincia. O que o que queren é unha variante e nestes momentos estase a falar dunha ponte illada. Di que están de acordo con moitas das afirmacións, coa maioría, incluídas na moción presentada polos tres concelleiros non adscritos da corporación municipal, pero considera que pola importancia e transcendencia deste asunto debe primar a prudencia. Conclúe dicindo que, tendo en conta que acaba de licitarse a redacción do estudo informativo e estudo de impacto ambiental para unha ponte sobre a que non existe un consenso previo; que esta noticia supuxo, a priori, a oposición dunha parte importante da veciñanza, estando outra parte a favor; que a variante é primordial e que, a día de hoxe, só teñen uns folios sobre a construción dunha ponte; por todo iso e por coherencia, entende que o equipo de goberno debe absterse; ao non ter información, ata o momento de ter un proxecto completo, que comunique Viveiro con Ferrol, Lugo e Ortegal, insistindo na vontade de diálogo.

Interven D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que os tres concelleiros non adscritos teñen claro que nestas decisións transcendentais non serve agachar a cabeza debaixo da terra, e considera que neste debate a postura de Son Viveiro quedou clara, indicando que están de acordo en engadir á súa moción o quinto punto proposto por Son Viveiro. Sen embargo considera que o P.P. e o PSOE non aclararon se estaban de acordo coa ponte ou non, polo que lles pregunta claramente se queren unha ponte sobre a ría de Viveiro ou non. Recorda que Feijoo en xaneiro de 2017 anunciou que habería unha nova proposta, tardou un ano, se se agarda polo estudo de impacto ambiental tardará outro ano, e logo o proxecto outro ano máis, cando se conta cun proxecto do ano 2006 que xa se podía sacar a licitación. Sinala que todos queren a variante, pero que ese non é o sentido desta moción, iso está claro que é así, que todo o mundo a quere, a cuestión que agora hai que decidir é se se quere unha ponte sobre a ría ou non, xa que hai decisións que non poden seguirse diluíndo, e di que non lle queda nada clara a postura sobre a ponte por parte do P.P. e do PSOE.



Manifesta que o estudo de impacto ambiental custa uns 400.000 euros, e xa van feitos tres, diñeiro que podería adicarse a outra cousa, a outras inversións neste Concello. Resalta que esta moción non se trae por protagonismo, xa que todos os concelleiros saíran antes ou despois da Corporación, pero a ponte se se fai sempre estará aí. Considera que non é preciso esperar ao estudo de impacto ambiental para saber se se quere ou non unha ponte na ría.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que se alegra de que a Sra. Alcaldesa mantivese a postura que viña dicindo estes días, considerando que é un posicionamento sensato e razoable.. Entende que non se pode decidir sobre algo que non se coñece, considerando que hai que esperar ao proxecto, e resalta que o proxecto que había os técnicos agora din que non é viable. Reitera que non defende a ningún goberno da Xunta, xa que coa VAC van tarde, indicando que agora hai unha nova proposta e non se vai desbotar porque ao Sr. Bernardo Fraga non lle guste a ponte, e di que hai xente á que lle gusta e outra á que non. Manifesta que non pode valorar sen coñecer informes e dille ao Sr. Bernardo Fraga que é técnico e que cando redacta un proxecto sabe o que fai no seu proxecto, e se lle encarga unha casa faralle un proxecto e poderalle gustar ou non, pero si terá calculado o que tecnicamente teña que estar calculado, e que neste caso tamén son os técnicos da Xunta os que terán que diseñar as estradas, non os políticos da Xunta de Galicia. Sinala que coincide coa Sra. Alcaldesa en que hai que ter prudencia, xa que a administración é lenta e farragosa porque se intenta que sexa garantista e tras 17 anos esperando non se vai desbotar agora directamente unha nova proposta. Apunta así mesmo que non se sabe como serán as conexións, e que co trazado de Magazos houbo protestas, imaxina que con razón, polo que considera que cando se presente o proxecto se queren facer unha consulta popular parécelle ben, e entende que agora as présas xa non son boas, porque tarde xa se vai. Reitera que tiveron culpa todos os gobernos da Xunta, e que todos queren unha VAC boa e operativa considerando que todo o que se faga vai ter impacto visual, que tamén hai a quen lle gustan moito as casas acristaladas e hai a quen lle gustan con moita pedra, pero niso non se pode entrar, o que se quere e que sexa funcional e se faga xa, pero conclúe que rexeitar algo sen datos sería unha temeridade.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que sen datos non se pode falar, pero para iso hai estudos, e as rías do norte pola súa estreitez, canto máis se toquen máis se fastidian. Le un extracto dun informe no que se indica, respecto aos estudos de impacto ambiental, feitos por empresas privadas que sobreviven se cumpren co que lles piden, que os gobernos encárganos cando teñen xa tomada a decisión política, polo que non é preciso esperar, xa que diga o que diga o estudo, vano pasar por alto. Di que espera que a ponte non chegue a facerse, pero indica que ao ter tantos arcos, ao mellor cos primeiros da zona de Escourido podía facer un dique á altura da preamar que se podía aproveitar para salvar a praia de Covas, aínda que ese dique sería o último que el desexaría. Sinala que non contan con información, só a que se facilitou pola Alcaldía, que parece pasado a limpo o trazado que lles deu o concelleiro de facenda, dicindo que a maior parte das noticias ao respecto son obtidas da prensa. Engade que ten tido moitas discrepancias cos concelleiros non adscritos, pero neste caso considera que tiveron un acerto movendo ficha, aínda que cree que non era tan urxente o asunto como para facer un pleno extraordinario. Apunta que pensaba apoiar a moción aínda que non aceptasen engadir o punto quinto que propuxo, e conclúe indicando que se nota quen está na Corporación e pode actuar libremente dos que teñen compromisos máis altos que lles fan difícil posicionarse.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non agacha a cabeza, e que se alguén criticou á Xunta de Galicia foi ela. Tamén reivindicou que foi ela quen falou en primeiro lugar sobre a consulta popular, tan pronto soubo da proposta da ponte, xa que era un proxecto que condicionaba o futuro de Viveiro e polo tanto entendía que tiña que facer partícipes aos veciños, polo que dixo que non descartaba a consulta popular, entendendo que hai que escoitar aos veciños e aos técnicos. Engade que ela, como María Loureiro non ve a ponte, pero que como alcaldesa, que ten que escoitar aos que están a favor e en contra; no suposto de dicir que non á ponte tería





que darlles argumentos aos que están a favor, de porque di que non, e ese argumento non pode ser soamente que se trata dun adefesio na ría. Dilles aos concelleiros non adscritos que lle están entrando no xogo á Xunta de Galicia, e considera que se se propón outro trazado a Xunta vaino rexeitar. Entende que a actitude do goberno municipal non é de cobardía, e recorda que cando como alcaldesa non foi recibir a Feijoo ninguén apoiou públicamente a súa postura e o grupo do P.P. criticouna. Dille ao concelleiro de Son Viveiro que non ten interese ningún, que porque esteña como alcaldesa e cobrando unha dedicación exclusiva, a súa vida non lle vai niso. Entende que por exercizo de responsabilidade aínda que a ponte se poda considerar un adefesio, non poden entrarlle ao xogo á Xunta de Galicia. Recorda que no primeiro momento que saíron as noticias sobre a ponte, os veciños ríanse, porque non o creían, e manifesta que non ten ningún problema en ir á Xunta e facer reunións, pero considera que este pleno é moi pronto, ao non contar con información.

Intervén o concelleiro non adscrito, D. Bernardo Fraga GALdo, para dicir que considera que Viveiro non cambiou nin xeográfica nin oreográficamente nos últimos anos para que o proxecto feito no seu momento agora xa non sirva. Entende que como técnico, poderá diseñar unha casa acristalada ou de pedra, pero se propón facela no medio da ría, diríase que non. Dille ao Sr. Bouza Rodil que na súa intervención dixo algo que lle gustou, deulles a razón aos veciños de Magazos. Considera que ninguén pode pensar que se vai facer unha ponte que prexudique ao sector pesqueiro, xa que iso non sería nin razoable, polo que xa está claro que a ponte non pode prexudicar ao sector. Pregúntase se cando saía o informe favorable estarán a favor ou en contra da ponte. Dille á Sra. Alcaldesa que non se trata de xogo ningún, que xa se se descarta a ponte neste momento o xogo xa rematou, habería que buscar outra opción. Indica que os estudos de impacto ambiental máis ou menos son a medida, analizan variables como postos de traballo, etc, co que soen saír sempre favorables.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que lle di á Sra. Alcaldesa que xa sabe que falou na prensa da consulta popular, e engade que él dío no pleno. Indica que cando considera que algo está mal crítico, pero cando entende que algo está ben, considera que non ten nada que dicir, que xa é obvio.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se pronunciarán cando teñan un proxecto da variante completo, e que se queren pode pedir unha cita na Xunta e preguntaren o que consideren sobre eses folios que lles entregaron.

Intervén o concelleiro non adscrito, D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que aceptan o punto proposto polo concelleiro de Son Viveiro respecto da consulta popular, e considera que a votación do pleno de hoxe ten que ver co futuro de Viveiro

Intervén a Sra. Alcaldesa para reiterar que o goberno municipal foi o primeiro que considerou realizar una consulta popular, e dixoo na prensa porque a prensa pregunta sobre o asunto.

Non existindo máis debate procédese á votación, resultando un empate, con catro votos a favor correspondentes aos tres concelleiros non adscritos e ao concelleiro de Son Viveiro e catro votos en contra correspondentes ao grupo do P.P., con 6 abstencións correspondentes ao grupo do P.S.O.E.

Ao producirse empate, segundo o disposto no artigo 100 do ROF procédese a una segunda votación, co mesmo resultado, polo que procede que se decida mediante o voto de calidade da Alcaldesa, que vota en contra da moción, co que queda a mesma rexeitada mediante o voto de calidade da Sra. Alcaldesa



EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico:  
[viveiro@fegamp.es](mailto:viveiro@fegamp.es)

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.30 horas do día 18 de abril de 2018, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)